



Reciclar na escola ten premio

Bases para optar ó premio enmarcado na iniciativa “Tropa Verde” e que leva por título “Reciclar na escola ten premio”

PRIMEIRA.- Obxecto e marco de referencia

A campaña que Teimas Desenvolvemento S.L. NIF B70179973, en adiante "Teimas" como a empresa a que pertencen os membros do equipo de Tropa Verde, xunto co Concello de Santiago de Compostela realiza no ámbito da educación ambiental nos centros educativos de Santiago de Compostela *“Reciclar na escola ten premio”*, inclúe un concurso no que poderán participar todos os estudantes de 3º, 4º, 5º E 6º de primaria e 1º e 2º DE ESO dos colexios e institutos do concello de Santiago de Compostela.

O obxectivo non é outro que dar un paso máis sobre a necesaria tarefa de concienciación cidadá e promover o interese do alumnado ao redor da xestión sustentable dos residuos urbanos, e, máis concretamente, en torno á reciclaxe de aceite de cociña, estimulando a súa participación no mesmo.

Esta campaña preséntase dentro do marco da iniciativa “Tropa Verde” (www.tropaverde.gal), que ten como obxectivo mellorar os índices de reciclaxe, rebaixando os custos de xestión de residuos. Se incentiva o cidadán a reciclar mediante recompensas directas por cada boa acción ambiental a través da súa páxina web.

SEGUNDA.- Mecánica do concurso

A campaña consiste na recollida de aceite de cociña. Cada equipo estará formado polos nenos e nenas dunha mesma clase.

Os rapaces e rapazas deben recoller aceite de cociña dos seus fogares e levalo a escola, nunha botella de plástico de 1,5 L ben pechada, impedindo con iso a súa vertedura nos sumidoiros.

Para levar a cabo esta tarefa a Tropa Verde comprométese a repartir o seguinte material:

1. Informativo sobre a problemática do vertido de aceite e os avances da competición con clasificacións periódicas.
2. Ilustrativo: cartaces, imaxes, infografías, flyers.

Para axilizar o proceso, cada centro organizará a recollida de aceite nas súas instalacións e ao finalizar a campaña os residuos serán recollidos por un xestor autorizado.



Reciclar na escola ten premio

Os galardóns recaerán naquelas clases que consigan reunir máis litros de aceite (tendo en conta un ratio de número de estudantes en cada clase / litros de aceite) no período correspondente entre o 18 de Abril ata o 18 de Maio de 2016.

TERCERA.- Ámbito persoal e territorial

Poderán participar neste concurso os alumnos e alumnas dos colexios e institutos de Santiago de Compostela de 3º, 4º, 5º e 6º de primaria e 1º e 2º DE ESO.

CUARTA.- Prazo de participación

O período de participación comeza o 18 de Abril e finaliza o 18 de Maio de 2016.

QUINTA.- Descrición dos premios

Os premios entregaranse nun acto de finalización da campaña no mes de Xuño en Santiago de Compostela (data e lugar por confirmar dependendo da dispoñibilidade dos colaboradores).

Haberá 3 premios dependendo do posto acadado na clasificación total de todas as clases participantes:

- O **primeiro premio** consiste en camisetas, medallas e tres cheques con estrelas a trocar por recompensas da Tropa Verde e un agasallo sorpresa especial **para cada alumno da clase** gañadora e **unha copa** para lucir na escola.
- O **segundo premio** consiste en camisetas, medallas, dous cheques con estrelas a trocar por recompensas da Tropa Verde e un xogo de mesa de reciclaxe de xeración eólica **para cada alumno da clase** gañadora e **unha copa** para lucir na escola .
- O **terceiro premio** consiste en camisetas, medallas e un cheque con estrelas a trocar por recompensas da Tropa **Verde para cada alumno da clase** gañadora e **unha copa** para lucir na escola.

SEXTA.- Gratuidade da participación

A participación neste concurso é de balde.

SÉTIMA.- Condicións das candidaturas

As candidaturas das diferentes clases deben ser presentadas pola escola, especificando o número de clases participantes e o número de alumnos por clase.



Reciclar na escola ten premio

Para distinguir cada clase participante, os profesores animarán aos alumnos a escoller un nome que identifique a súa clase.

OCTAVA.- Xurado

O xurado desta campaña estará conformado polo propio xestor de residuos autorizado na recollida de aceite de cociña e polos membros do equipo da Tropa Verde.

Se se comprobase ou tivese motivos razoables para crer que algún participante ou ben a propia clase gañadora infrinxiu calquera dos termos e condicións previstas nas presentes bases ou non cumpre cos requisitos esixidos para participar, poderá ser excluído do concurso e seleccionar a outro como clase gañadora.

Teimas non asumirá ningunha responsabilidade por calquera dano sufrido pola acumulación de aceite nos centros.

Teimas queda exonerada de calquera responsabilidade no suposto de existir algún erro nos datos facilitados polos participantes que impidise a súa correcta identificación.

Teimas resérvase o dereito para efectuar, en calquera momento, cambios que redunden no bo fin do concurso, tales como, a título enunciativo pero non limitativo, ampliación do período do concurso, inclusión de novos premios ou modificación das condicións de participación, ou cando concorra calquera causa de forza maior que impida levalo a termo na forma en que se describe nas presentes bases. Ditas modificacións serán comunicadas na páxina web da Tropa Verde (www.tropaverde.gal) e/ou nas redes sociais da Tropa Verde a tódolos visitantes.

Teimas non se responsabilizará da perda, avaría ou destrución do premio.

NOVENA.- Difusión e publicación

1. A Tropa Verde poderá proceder a divulgar a través dos seus propios medios (páxina web da Tropa Verde, redes sociais e comunicados de prensa) os resultados e participación deste concurso.

2. No caso de non autorizar a difusión das citadas imaxes, pregamos se nos comunique con anterioridade ao acto de entrega de premios a Teimas Desenvolvemento S.L, B 70179973, Plaza Pascual Veiga, 7- Entr. A, CP: 15.706 ou ben a info@tropaverde.gal: Os gañadores autorizan expresamente o uso das gravacións audiovisuais e fotografías que poidan realizarse durante a súa participación no Acto de entrega de premios, así como a súa posterior utilización coa finalidade autopromocional da campaña, o que incluírá a súa reprodución e comunicación pública naqueles medios que a Tropa Verde considere oportunos sen límite temporal algún.

3. A participación nesta iniciativa supón a aceptación de todas as bases.



Reciclar na escola ten premio

DÉCIMA.-Protección de datos

En cumprimento da Lei 15/1999 de Protección de Datos de Carácter Persoal, TEIMAS comprométese a respectar a intimidade dos datos, que serán recollidos nun arquivo, do que somos responsables. A persoa de contacto de cada centro da o seu consentimento para a recollida e tratamento dos seus datos e para enviarlle correos electrónicos. En calquera momento a persoa de contacto pode cancelar, rectificar ou cancela-los seus datos contactando en info@tropaverde.gal ou con Teimas Desenvolvemento S.L, B 70179973, Plaza Pascual Veiga, 7- Entr. A, CP: 15.706

UNDÉCIMA.- Aceptación e interpretación das bases

A participación no mencionado concurso supón a aceptación das presentes bases, así como a aceptación da interpretación que das mesmas puidese facer Teimas e dos criterios que estableza para resolver cantas cuestións derívense do mesmo.

As bases desta promoción estarán a disposición de calquera interesado nas oficinas de Teimas en Santiago de Compostela, e na páxina web <https://www.tropaverde.gal/>.

DUODÉCIMA.- Ley aplicable

A lei aplicable á presente promoción será a española

Anexo I

Imaxen da campaña



Reciclar na escola ten premio

ANEXO I



CONCURSO ESCOLAR

SE RECICLADES,
GAÑADES

A PARTICIPAR!

TEDES UN MES PARA
RECOLLER ACEITE DE
COCIÑA USADO NA CASA E
LEVALO Á ESCOLA



CAMISETAS + MEDALLAS +
CHEQUES CON ESTRELAS DA
TROPA VERDE + AGASALLOS
ESPECIAIS + COPA
PARA AS 3 CLASES QUE
CONSIGAN O MAIOR NÚMERO
DE BOTELLAS NESE TEMPO



CO VOSO XESTO, A CONTORNA TAMÉN GAÑA

o mar está moito máis
limpo sen a vertedura
de aceite de cociña
usado desde os fogares

coa reciclaxe de aceite de cociña
usado podemos xerar novos
produtos como xabón, pintura
ou biodiesel para os vehículos



teimas
desenvolvemento



teimas
desenvolvemento

